Manual do Usuario



1.- O menú principal:

Na zona superior da pantalla atópase o menú principal dende o que se pode acceder a todos os contidos. O seu funcionamento é moi sinxelo, fíxese no gráfico:

Tal e como se explica para moverse pola unidade unicamente deberá facer clic naquel apartado que queira, tras o cal aparecerá o contido escollido.

2.- Ver/ocultar grosa, e técnicas de estudo:

No apartado de “Grammar”, na sección “Study Strategy”, no fondo da pantalla, poderá observar unha serie de botóns que permiten realizar diversas funcionalidades:

As frechas permiten moverse ó seguinte ou ó anterior apartado, se existise; o botón "ab" permite pór en grosa (negriña) as palabras clave que hai no texto, para o estudo. Pode resultar interesante que primeiro lea o texto sen estas palabras remarcadas, logo pode marcalas (poñelas en “grosa”) e ver se unicamente con estas palabras é quen de comentar o que o texto quere transmitir.

O terceiro botón "a**b**" oculta ou mostra esas palabras clave, está tamén pensado para o estudo, pode ocultar esas palabras e intentar lembralas coa axuda do texto que non foi ocultado. Debe ter presente que no momento en que preme no botón de "Ocultar/Mostrar as palabras remarcadas en grosa", o primeiro botón desaparece. Se

quixese recuperalo tería que recargar a páxina, ou volver a ela tras avanzar ou retroceder a unha páxina anterior.

Fíxese no seguinte gráfico para ter unha idea do que estamos falando.



Este sería o formato sen poñer as letras en negriña. Se prememos no botón “ab” obteremos unha serie de palabras resaltadas en negriña:

Premendo agora no botón “a**b”** veremos que esas palabras en negriña desaparecen, facilitando así o estudo e a comprensión do aspecto gramatical en cuestión:



3.- As lecturas:

Esta unidade conta con dúas lecturas: Unha de elaboración propia sobre a historia de "Greyfriars Bobby", e outra cunha adaptación curta do conto clásico de Hans Christian Andersen "A pequena serea". Esta lectura ten un aspecto semellante ao da imaxe, para pasar as follas só debe poñer o rato nun dos dous bordes laterais, verá que fai un efecto coma se se levantase a folla e facer clic. Tamén pode pasar as follas empregando as frechas dereita e esquerda do teclado.



4.- As actividades:

Nalgúns paquetes de actividades atoparase na parte superior con algunhas ligazóns que ao premer nelas levarano a algún lugar de internet onde pode consultar algo relativo ás actividades que está a facer.

Na dereita hai un índice cos números das distintas actividades, se pon o rato enriba de cada número verá o nome da actividade, facendo clic irá directamente a esa actividade. Cando se realiza unha actividade correctamente, automaticamente pasa á seguinte sen necesidade de que faga clic en ningún lado; se, pola contra, cometeu erros e debe repetir o exercicio, este recargarase automaticamente. Na maioría das actividades pode ver un símbolo de interrogación "?" que serve para comprobar se a actividade foi resolta correctamente.

Lembre que de todo o seu traballo con cada un dos grupos de actividades elabórase un informe que lle pode servir de auto-avaliación, se o desexa ver só ten que premer

na esquina superior esquerda, na pantalla aparecerá as actividades, o tempo empregado en cada unha, as veces que foron feitas, se foron correctas ou non, etc.

Fíxese na imaxe seguinte:



5.- Pizarra (Board):

A pizarra é un lugar onde pode plasmar os coñecementos que se están traballando, dun xeito máis gráfico. Fundamentalmente, traballaremos este exercicio para traballar a destreza de Writing ou como soporte para actividades de Speaking. O seu funcionamento é sinxelo, na parte dereita da pantalla hai un botón (cor verde con +) no que hai unha serie de imaxes que debe empregar para a súa composición.Para iso só ten que premer nunha, arrastrar e soltar. Fíxese que ao premer sobre a imaxe aparecen unha serie de botóns que lle permiten modificar a imaxe en canto ao tamaño, rotala, cambiar o brillo, etc.

Os textos elabóranse premendo no botón amarelo co "T"; ó igual que as imaxes, os textos tamén se poden mover e modificar para que se axeiten ao que queremos.

6.- Traballo Colectivo (Collective task):

Este é un traballo que se levará a cabo entre todos e todas os alumnos/as.

Nesta unidade hai dous: Un álbum sobre especies en perigo de extinción, e unha liña de tempo sobre os Beatles.

Para entrar, prememos na opción “Collective Task”. Na imaxe inferior pode ver a pantalla inicial que atoparemos no álbum:



O primeiro que deben facer é premer no lapis para identificarse co nome de usuario e contrasinal que lles facilitou o seu profe:

Unha vez dentro, esta será a pantalla que vexamos:



Como pode ver, hai varios datos que o alumnado debe cubrir:

NAME: O nome do animal.

POPULATION: O número de especies que existen hoxe en día.

LINK: unha ligazón sobre ese animal.

Para subir unha imaxe, prema na opción "seleccionar arquivo".

Lembre recordarlle ao seu alumnado que as imaxes que escollan para subir ao álbum deben estar etiquetadas para poder ser usadas por terceiras persoas.

Solicite do alumnado que deixe un comentario sobre a especie en cuestión.

No caso da liña do tempo esta será a pantalla que verá:

Deberá cubrir os seguintes datos:

SENTENCE: A frase que aparecerá na liña de tempo.

START: O ano, mes e día que quixésemos destacar

END: Cando remata o evento anterior

COMENTARIO: Solicite do alumnado que deixe un comentario que será o que logo apareza na liña de tempo ao premer na frase.
SELECCIONE ARQUIVO: Pode subir unha foto á liña de tempo premendo aquí.

Unha vez feito todo iso, deben premer no botón de gardar (último botón na parte inferior dereita).
No álbum, isto será o que verá ao volver á pantalla inicial e premer na imaxe correspondente:



No caso da liña de tempo, ao premer na frase da pantalla abrirase o dato que establecemos na pantalla anterior.



Unha vez que se volva a entrar, pódense modificar as entradas anteriores premendo na opción "jobs added".

Pobra do Caramiñal, 30 de Xuño de 2014